



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REFORMA DA PISTA ANEXA DO PAVILLÓN DOS REMEDIOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, **DECLARA:**

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou con O CONCELLO DE OURENSE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 2 de xuño de 2016 ata o 31 de decembro do ano 2016, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Ourense para acometer as obras de reforma da pista anexa – Pavillón dos Remedios mediante a substitución do pavimento da pista, a substitución do graderío telescópico e a instalación dun sistema xeral de acondicionamento térmico que favoreza a mellora das condicións para a práctica deportiva, segundo o recollido no proxecto redactado polo arquitecto Juan Carlos Mangana Losada e o enxeñeiro técnico industrial Manuel Pardo Pardo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala, no seu artigo 27. 22 a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.





Segundo.- O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Terceiro.- O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

Cuarto.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

Quinto.- O fomento do deporte base e da actividade física son unhas das liñas de actuación prioritarias da Secretaría Xeral para o Deporte as cales reclaman unha mellor dotación das infraestruturas de libre acceso e mantemento alcanzable para poder chegar a todos os usuarios.

Sexto.- O Concello de Ourense dispón dunha zona deportiva na que se sitúa o Pavillón dos Remedios, instalación municipal referente en canto a volume de utilización, cun rexistro de máis de 40.000 accesos mensuais dentro do cal a pista de máis uso debido as súas características é o pavillón anexo construído no ano 1989 e na que de forma habitual adestran e compiten varios equipos deportivos de diferentes





modalidades (fútbol sala, baloncesto, balonmán, voleibol, ximnasia rítmica, bádminton;...). Esta pista necesita unha remodelación integral para facilitar a mellora da calidade e seguridade de tódolos deportistas que disfrutan da súa utilización.

O proxecto a acometer é a substitución do pavimento da pista, do graderío telescópico e a instalación dun sistema xeral de acondicionamento interior atemperando a instalación por medio dun proxecto de climatización.

A tal fin elaborouse un proxecto básico e de execución da reforma da pista anexa - Pavillón dos Remedios situado na Avenida Pardo de Cela nº 2, Ourense cun orzamento de 290.407,97 euros ao cal hai que engadir 9.592,03 euros correspondentes aos honorarios da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

A Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos que teñen limitacións para afrontar obras que benefician ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva.

Destas circunstancias derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Ourense (Ourense), deciden subscribir este convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado





por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de xuño de 2016.

(asinado dixitalmente)

